

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS DE AUTOTAXI E DEMAIS VEHÍCULOS DE ALUGUER.

Artigo 1º- FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da *Constitución* e polo art.106 da *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local*, e de conformidade co que se dispón nos artigos 15 a 19 da *Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais*, este concello establece a "taxa por licenza de autotaxis e demais vehículos de aluguer", que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ó que se prevé no art.58 da citada *Lei 39/1988*.

Artigo 2º- FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúen o feito imponible desta taxa a presentación dos servizos e a realización das actividades que, en relación coas licenzas de autotaxis e demais vehículos de aluguer a que se refire o regulamento aprobado polo *Real decreto 763/1979, do 16 de marzo*, e que se sinalan a continuación:

- a) Concesión e expedición de licenzas.
- b) Autorización para a transmisión de licenzas cando proceda o seu outorgamento, segundo a lexislación vixente.
- c) Autorización para substitución dos vehículos afectos ás licenzas, ben sexa este cambio de tipo voluntario ou por imposición legal.
- d) Revisión anual ordinaria dos vehículos e revisión extraordinaria a instancia de parte.
- e) Dilixenciamento dos libros-rexistro das empresas de servizo de transportes reguladas no dito regulamento.

Artigo 3º- SUXEITO PASIVO.

Están obrigados ó pago da taxa, en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades, a que se refire o artigo 33 da *Lei xeral tributaria*, seguintes:

1. A persoa ou entidade a cuxo favor se outorgue a concesión e expedición da licenza, ou en cuxo favor se autorice a súa transmisión.
2. O titular da licenza cuxo vehículo sexa substituído ou obxecto de revisión, tanto ordinaria como extraordinaria, e/o cuxos libros-rexistro sexan dilixenciados.

Artigo 4º- RESPONSABLE.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da *Lei xeral tributaria*.
2. Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 40 da *Lei xeral tributaria*.

Artigo 5º- COTA TRIBUTARIA.

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do servizo ou actividade, de acordo coa seguinte tarifa:

Epígrafe 1º: Concesión e expedición de licenza:

- a. Licenzas da clase a: 300,500 €.
- b. Licenzas da clase b: 300,500 €.
- c. Licenzas da clase c: 300,500 €.

Epígrafe 2º: Autorización para a transmisión de licenzas:

a) Transmisión "inter vivos"

- a. Licenzas da clase a: 300,500 €.
- b. Licenzas da clase b: 300,500 €.
- c. Licenzas da clase c: 300,500 €.

b) Transmisións "mortis causa".

- 1- A primeira transmisión de licenzas de calquera clase en favor dos herdeiros forzosos: 60,10 €.
- 2- Ulteriores transmisións das referidas licenzas: 300,50€.

Epígrafe 3º: Substitución de vehículos.

- a. Licenzas da clase a: 36,00 €.
- b. Licenzas da clase b: 36,00 €.
- c. Licenzas da clase c: 36,00 €.

Epígrafe 4º: Revisión de vehículos:

- a. Revisión anual ordinaria.
- b. Revisión extraordinaria a instancia de parte.

Epígrafe 5º: Dilixenciamento de libros-rexistro.

- a. Empresas titulares de licenzas obrigadas a iso.

Artigo 6º- EXENCIONES E BONIFICACIONES.

Non se concederá exención ou ningunha bonificación no pagamento da taxa.

Artigo 7º- DEVENGO.

- 1- Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír nos casos sinalados nas letras a),b),c)do artigo 2º, na data que este concello conceda e expida a correspondente licenza ou autorice a súa transmisión ou a substitución do vehículo.
- 2- Cando se trate da prestación dos servizos de revisión de vehículos e de dilixenciamento de libros-rexistro a taxa devengarase no momento no que se inicie aquela prestación e enténdese, para estes efectos, que a dita iniciación se produce coa súa solicitude.

Artigo 8º- DECLARACIÓN DE INGRESO.

- 1- A relación das actividades e a prestación dos servizos suxeitos a esta taxa levaranse a cabo a instancia de parte.
- 2- Todas as cotas serán obxecto de liquidación para ingreso directo, unha vez concedidas as licenzas ou autorizacións de que se trate e unha vez realizados os servizos solicitados, procedendo os contribuíntes ó seu pagamento no prazo que establece no *Regulamento xeral de recadación*.

Artigo 9º- INFRACCIÓNS E SANCIONES.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elas correspondan en cada caso, estarase ó que se dispón nos artigos 77 e seguintes da *Lei xeral tributaria*.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 11/10/1989, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia*, será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 1990, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Esta ordenanza foi modificada, no artigo 5, e esta, xa introducida no texto, e publicada no *Boletín Oficial da Provincia* do 22 de decembro de 1989, entrou en vigor a partir da publicación do seu texto íntegro no dito Boletín, será de aplicación a partir desta data, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.